



## ***Informe Sectorial da Pesca***

### ***Introducción***

Os debates e negociacións sobre o Brexit foron longos e intensos. Durante meses, os lexisladores do Reino Unido e da UE mantiveron numerosas conversacións respecto a como afectaría o Brexit aos distintos sectores da economía. O sector pesqueiro foi un dos temas máis importantes que estivo en xogo. E iso a pesar de que este sector só representa unha pequena parte da economía británica. Con todo, a actividade económica pesqueira concéntrase en determinadas zonas costeiras, onde é importante tanto socialmente como economicamente.

Este informe sectorial expón os principais cambios e problemas que afectan ao sector pesqueiro entre a UE e o Reino Unido como consecuencia do Brexit.

A partir do 1 de xaneiro de 2021, o Reino Unido deixará de estar obrigado a cumprir as normas das Políticas Pesqueiras Comúns (PPC). Con todo, isto non significa que vaia a haber cambios significativos ou inmediatos na forma de xestionar a pesca do Reino Unido. A maior parte da lexislación das PPC incorporouse ao ordenamento xurídico do Reino Unido como lexislación comunitaria conservada e segue aplicándose con modificacións limitadas. Porén, a regulación en materia de pesca é agora modificable a nivel do Reino Unido. A Lei de Pesca de 2020 establece as competencias do Goberno británico para fixar os totais admisibles de Capturas (TACs), conceder licenzas aos buques pesqueiros estranxeiros en augas do Reino Unido e regular a industria pesqueira en Inglaterra, con competencias reguladoras similares para as administracións delegadas.

Así pois, o Reino Unido pasou a ser un Estado costeiro independente e plenamente responsable da xestión da pesca na Zona Económica Exclusiva (ZEE) do Reino Unido, de ata 200 millas. Isto inclúe a fixación dos totais admisibles de capturas (TACs), a distribución das cotas e a determinación de quen ten acceso á pesca. Con todo, o Reino Unido seguirá tendo que acordar as TACs cos estados veciños para as poboacións de peixes protexidas.

### ***O sector pesqueiro***

A industria da pesca comercial no Reino Unido componse de tres sectores:

- O sector pesqueiro, que engloba a recollida para o consumo humano de toda a vida acuática salvaxe, incluídos os peixes, os crustáceos e os moluscos.



- O sector da acuicultura, que involucra á cría de vida acuática, incluídos os peixes, os moluscos, os crustáceos e as plantas acuáticas, como as algas.
- A industria de procesamento de peixe, que é unha industria de fabricación de alimentos que prepara e conserva o peixe para o seu consumo humano e animal.

No 2019, as exportacións de peixe á UE tiveron un valor de 1.400 millóns de libras (o 67% de todas as exportacións de peixe do Reino Unido por valor). As importacións de peixe da UE tiveron un valor de 1.200 millóns de libras (o 35% de todas as importacións de peixe do Reino Unido por valor).

O superávit comercial coa UE, de 100 millóns de libras, viuse compensado por un déficit de 1.600 millóns de libras con países non pertencentes á UE.

A seguinte táboa mostra os principais socios comerciais do Reino Unido en materia de peixe e produtos afíns. O terceiro destino das exportacións do Reino Unido para o peixe e os produtos pesqueiros é España: as exportacións a España tiveron un valor de 197,3 millóns de libras no ano 2019, o 9,7% de todas as exportacións de peixe.

UK trade in fish by destination, 2019					
Exports	£ millions	% of total	Imports	£ millions	% of total
France	561.1	27.7%	Iceland	318.0	9.1%
United States	314.1	15.5%	China	283.3	8.2%
Spain	197.3	9.7%	Germany	244.6	7.0%
Irish Republic	169.6	8.4%	Faroe Islands	239.1	6.9%
China	131.1	6.5%	Sweden	233.0	6.7%
Italy	104.2	5.1%	Vietnam	226.5	6.5%
Netherlands	77.2	3.8%	Denmark	192.3	5.5%
Germany	66.5	3.3%	Norway	158.9	4.6%
Belgium	40.0	2.0%	Netherlands	121.9	3.5%
South Korea	39.6	2.0%	India	104.3	3.0%
<b>EU</b>	<b>1,367.4</b>	<b>67.4%</b>	<b>EU</b>	<b>1,227.7</b>	<b>35.3%</b>
<b>Non-EU</b>	<b>659.9</b>	<b>32.6%</b>	<b>Non-EU</b>	<b>2,247.7</b>	<b>64.7%</b>
<b>World</b>	<b>2,027.3</b>	<b>100.0%</b>	<b>World</b>	<b>3,475.3</b>	<b>100.0%</b>

Source: HMRC, UK Trade Info

## A pesca no Acordo de Comercio e Cooperación

O acordo entre o Reino Unido e a UE alcanzouse o 24 de decembro de 2020. O dito acordo reconece firme e explicitamente a soberanía do Reino Unido sobre as súas augas pesqueiras e pono en condicións de reconstruír a súa frota pesqueira e aumentar as cotas nos próximos anos.

Tamén establece os obxectivos e principios de xestión pesqueira que comparten o Reino Unido e a UE. Consolida o compromiso conxunto coa xestión sostible da pesca xunto cos principios compartidos de fomento da sustentabilidade ambiental, social e económica a longo prazo, protección dos xuvenís e dos peixes que desovan, protección dos ecosistemas mariño e unha cooperación continua, incluído o intercambio de datos para xestionar a conservación e combater a pesca ilegal.



Isto significa, basicamente, que se introducirá gradualmente ao longo de cinco anos, cun período de axuste para o acceso ás augas que proporciona un acceso estable durante 5 anos e medio, ata o 30 de xuño de 2026. A partir de entón, a UE e o Reino Unido terán consultas anuais para acordar as posibilidades de pesca con vistas a unha xestión sostible da pesca e os recursos mariños. O acordo tamén dará lugar a acordos plurianuais de pesca, tanto para as poboacións suxeitas a cotas como para as que non o están.

Estabelece que o Goberno do Reino Unido e a UE compartan mutuamente unha lista de buques que requiren unha licenza e que esta sexa aprobada pola outra parte. Tamén se creará un Comité Especializado de Pesca que estará copresidido por un representante da UE e do Reino Unido. Reunirase polo menos unha vez ao ano, salvo que os copresidentes decidan outra cousa. O Comité fixará de común acordo o calendario e a orde do día das súas reunións.

En virtude do Acordo de Cooperación Comercial (ACC), a UE e o Reino Unido deberán:

- Negociar cada ano (unha vez finalizado o período de transición de cinco anos e medio) o Total de Capturas Admisibles. Durante o primeiros cinco anos, o ACC establece os cambios na cota porcentual da UE e do Reino Unido de cada poboación. Para algunhas poboacións haberá cambios significativos, e outras non cambiarán en absoluto
- Establecer un mecanismo de transferencias voluntarias anuais de posibilidades de pesca entre ambas as partes, cuxos detalles serán elaborados polo Comité Especializado de Pesca.
- A atención centrarase nas poboacións subexplotadas por cada parte.

### **Áreas non afectadas**

O modo en que se asignan as posibilidades de pesca aos distintos buques pesqueiros non se ve afectado polo Brexit nin polo período de transición. Isto débese a que sempre foi competencia do Reino Unido e non da UE. A pesca de especies non suxeitas a cotas por parte dos pescadores do Reino Unido, como a maioría das especies de marisco, tampouco se ve afectada, xa que non entra no ámbito da PPC. O deseño de calquera requisito de vínculo económico co Reino Unido para que se asigne a cota británica tamén foi competencia do Reino Unido no marco da PPC. As normas para establecer este vínculo económico mantéñense tal e como se trasladaron á lexislación da UE.

O Goberno británico deixou claro que as cotas pesqueiras existentes seguirán distribuíndose como ata o de agora. Comprometeuse a explorar novas opcións para distribuír calquera nova cota que estea dispoñible como resultado da saída da PPC, tal como se establece na consulta de novembro de 2020. O Goberno lanzou unha consulta sobre o fortalecemento do vínculo económico no mes de outubro de 2020 para esixir aos buques con pavillón do Reino Unido, xa sexan de propiedade británica ou estranxeira, que desembarquen unha maior proporción das capturas nos portos do Reino Unido ou perdan parte da súa cota.

O Reino Unido segue debendo cumprir coas regulacións da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar (CNUDM) en materia de xestión da pesca. A CNUDM esixe aos estados costeiros que dean aos Estados veciños acceso ao excedente das capturas permitidas na súa Zona Económica Exclusiva. Tamén fai fincapé na necesidade de minimizar os trastornos económicos para os estados cuxos nacionais pescaron habitualmente na zona. O convenio tamén impón a obrigaición de cooperar con outros estados costeiros na xestión de poboacións compartidas ou de especies asociadas.



## ***Puntos conflictivos da negociación***

Durante as últimas semanas das negociacións a información oficial respecto a cales eran as dificultades en materia de pesca foi escasa. Con todo, algunhas materias transcenderon:

- Vinculación do mecanismo de control da pesca co comercio.
- A duración de calquera acordo transitorio.
- Retorno das cotas.
- Acceso á zona de exclusión de 12 millas náuticas.

## ***Licencias para os buques da UE***

Como resultado do ACC, aínda que a cota seguirá sendo asignada por cada nación, os buques do Reino Unido e da UE necesitan agora unha licenza para pescar nas augas da outra parte e teñen que intercambiar unha lista de buques aos que se lles concederá a licenza.

As licenzas para os buques do Reino Unido e da UE son expedidas pola recentemente creada Autoridade Única de Expedición do Reino Unido. Esta organización publicou unha lista dos buques da UE aos que se lles concedeu unha licenza para 2021 e estableceu as normas para os buques da UE en augas do Reino Unido. A lexislación sobre a concesión de licenzas aos buques da UE en augas do Reino Unido establécese nas seccións 12 e 13 da Lei de Pesca de 2020.

## ***Cómo afecta o Acordo de Cooperación Comercial á pesca***

Existen algunhas preocupacións principais sobre como pode afectar o acordo aos distintos sectores pesqueiros. Aínda que a asignación das cotas incrementadas do Reino Unido aínda debe ser relevada, é difícil prever como iso beneficiará aos barcos de pequena escala (menos de 10 m) que operan preto da costa.

Estes barcos poden ter unha menor capacidade de captura que os máis grandes, pero son moito máis numerosos e levan moito tempo sufrindo a falta de cota.

Para eles é especialmente importante que o acordo garanta unha zona exclusiva para os barcos británicos dentro das 12 millas da costa, pero os barcos estranxeiros con determinado historial seguirán tendo acceso á zona de 6 a 12 millas en virtude dunha cláusula de dereitos adquiridos.

En canto ao que poida ocorrer despois de 2026, expresouse a preocupación de que na práctica sexa difícil calquera acordo para cambiar as reparticións dos ACC. Nese momento, o acceso e as reparticións de cotas estarán suxeitos a negociacións anuais. E nese sentido, o Reino Unido podería utilizar a súa influencia no acceso para asegurar mellores cotas. Porén, isto podería cambiar debido ás presións comerciais que poden exercerse para garantir que o que se acorde nese momento, no 2026, non se afaste demasiado do statu quo en materia de acceso e cotas.